
Curso Superior de Administración electrónica

1. Descripción do curso

Este curso pretende afondar, desde unha perspectiva técnico-xurídica, na concepción da Administración electrónica, con especial énfase no arquivo electrónico administrativo, incidindo na importancia que ten a súa implantación nas distintas administracións da nosa Comunidade. Os contidos do programa enfocarán desde distintas perspectivas a Administración electrónica para que as persoas a que se dirixe adquiran ou perfeccionen os coñecementos teóricos e prácticos da informática e do dereito, completando a súa formación no dereito da informática.

2. Desenvolvemento do curso

O curso estrutúrase nunha serie de contidos que pretende profundizar nos aspectos máis importantes da administración electrónica dende unha triple perspectiva: xurídica, técnica e práctica.

A resolución de convocatoria do curso será publicado no DOG

O curso realizarase na Escola Galega de Administración Pública, rúa Madrid, 2, 4, As Fontiñas, Santiago de Compostela.

A súa duración será de 114 horas, 30 horas de prácticas presenciais e 84 horas de teleformación.

Programa

O curso estrutúrase nos seguintes temas:

- RÉXIME XURÍDICO DUNHA ADMINISTRACIÓN DIXITAL
 - Lei 39/2015, Lei 40/2015, Decreto 198, LOPD
- IDENTIDADE DIXITAL: IDENTIFICACIÓN E SINATURA DIXITAIS
 - Lei 59/2003. Regulamento eIDAS, Certificados de firma, certificados de sello. AAA. Sellos de órgano. Tipos de certificados electrónicos. Firma con CSV. TSL, prestadores de servicios de certificación
- SEDE ELECTRÓNICA E CARPETA DO CIDADÁN
 - Sede electrónica, Punto de Acceso General, Sede electrónica de la Xunta, portal administracion.es. Nueva sede electrónica.
- REXISTRO ELECTRÓNICO ÚNICO
 - Sistema Unico de Rexistro da Xunta de Galicia. SIR. Dixitalización de documentación en oficinas de rexistro. DIR3.
- NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA
 - Notificación electrónica. Plataformas de notificación. Notifica.Gal. Notificación en sede electrónica. Iniciativas en marcha: interoperabilidad de notificaciones.
- INTEROPERABILIDADE E SEGURIDADE
 - ENS
 - ENI. Plataformas de intermediación de datos. PasaXe!. PID.
- ARQUIVO ELECTRÓNICO, DOCUMENTO ELECTRÓNICO E COPIA
 - ARPAD. Archivo electrónico administrativo da Xunta de Galicia. Metadatos dos documentos e expedientes electrónicos. Normas técnicas.

- ATENCIÓN Á CIDADANÍA
 - LEI 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración. DECRETO 129/2016, do 15 de setembro, polo que se regula a atención á cidadanía no sector público autonómico de Galicia.
- PUBLICIDADE NORMATIVA
 - DOG dixital, TEU
- REUTILIZACIÓN E TRANSPARENCIA
 - Portal AberT@s. Portal de transparencia. Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro de 2016)

EGGAP

Calendario do curso

OCTUBRE 2017

Lun	Mar	Mie	Jue	Vie	Sáb	Dom
25	26	27	28	29	30	1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31	1	2	3	4	5

NOVIEMBRE 2017

Lun	Mar	Mie	Jue	Vie	Sáb	Dom
30	31	1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30	1	2	3

DICIEMBRE 2017

Lun	Mar	Mie	Jue	Vie	Sáb	Dom
27	28	29	30	1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

■ Festivo
 Día no Lectivo
 Apertura y Clausura Curso
 Sesión presencial

O horario das sesións presenciais será de 17:00 a 20:00

O calendario será o seguinte

- 30/10. Introducción legislativa á AE. A evolución legislativa dende a Lei 30/1992 ata as Leis 39 e 40/2015. Ponente: José Oreiro, Letrado da Xunta. Secretario Xeral do Consello Consultivo de Galicia
- 6/11. A implementación da AE na Administración do Estado. Ponente: Silvia García. Avogada do Estado. Subdirectora Xeral de Coordinación, Auditoría e Xestión do Coñecemento da Avogacía do Estado.
- 7/11. Identidade dixital: identificación e sinatura dixital. Ponente: Víctor Salgado Seguí Socio-Director P&S Abogados
- 13/11. A Lei orgánica de protección de datos. Conceptos, casos prácticos e lexislación. Ponente: José Oreiro, Letrado da Xunta. Secretario Xeral do Consello Consultivo de Galicia

- 16/11. Sede electrónica. Punto de Acceso Xeral. Sede electrónica da Xunta de Galicia. Isabel Pillado, Xefa do Departamento de Administración Electrónica da AMTEGA
- 22/11. Plataformas de notificación e intermediación de datos: notifica.gal e PasaXe!. Sabela Pillado, Xefa do Departamento de Administración Electrónica da AMTEGA. Hernán Vila, Enxeñeiro en Informática do Departamento de Administración Electrónica da AMTEGA (1h 1/2 cada uno)
- 27/11. A implementación da AE nunha Deputación Provincial. Miguel Lorenzo, Jefe del Servizo de Informática e Administración Electrónica da Deputación Provincial de A Coruña
- 29/11. ARPAD. Arquivo electrónico administrativo da Xunta de Galicia. Jorge Chacón, Enxeñeiro en Informática do Servizo de Informática e Administración Electrónica da Deputación Provincial de A Coruña
- 11/12. A implementación da AE na Administración Local. Juan Otero, Doutor en Informática do Servizo de Informática do Concello de Ourense
- 14/12. Gustavo Herva, Xefe do Departamento de Seguridade e Calidade da AMTEGA

Alumnado

Empregados públicos das administracións públicas de Galicia, tanto autonómica como local, e das universidades do Sistema universitario de Galicia que estean en posesión do título de doutor, licenciado, diplomado, grao, arquitecto, enxeñeiro, arquitecto técnico e enxeñeiro técnico que se encadren nalgunha das seguintes categorías:

- Pertencer ao grupo A (subgrupos A1 e A2) do persoal funcionario.
- Pertencer aos grupos I e II do persoal laboral.

- Pertencer ao grupo C (subgrupo C1) do persoal funcionario ou grupo III do persoal laboral incluído no ámbito de aplicación do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, e estar en posesión do título de ciclo superior de formación profesional relacionado coa informática.

Este curso valorarase con 1,5 puntos a aquel alumnado que fose considerado apto á súa finalización e, polo tanto, teña dereito ao certificado de aproveitamento, sempre que cumpra os requisitos para a aplicación do establecido na Resolución do 26 de outubro de 1994, do Instituto Nacional de Administración Pública, pola que se establecen, de acordo coas comunidades autónomas, os criterios de recoñecemento e valoración dos cursos de formación e perfeccionamento da Administración local, en cumprimento do previsto na Orde do Ministerio para as Administracións Públicas do 10 de agosto de 1994, da Resolución do 30 de novembro de 1994, do Instituto Nacional de Administración Pública pola que se corríxen erros da Resolución do 26 de outubro de 1994, e consonte o establecido no Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos funcionarios con habilitación de carácter estatal (DOG núm. 52, do 16 de marzo).

Profesorado

Para a tutorización do curso, contamos con profesionais de contrastado prestixio que ademáis teñen responsabilidade directa nos servizos que están a implantar as administracións na nosa comunidade. Deste xeito, os alumnos terán a ocasión non so de coñecer de primeira man o "estado da arte" da implantación da administración electrónica en Galicia, senón de experimentar con estes servizos dun modo práctico.

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2017

O director do curso



EGAP